

**112.000 parados sen  
ningunha prestación  
en Galiza no ano 2012**



# 112.000 parados sen ningunha prestación en Galiza no ano 2012.

Desde que no ano 2008 se comezou a destruír emprego, son moitos os miles de traballadores que pasaron a engrosar as listas de desempregados en Galicia, concretamente desde o ano 2007, temos, aproximadamente, 120.000 desempregados máis. Pero non tódolos desempregados están na mesma situación, moitos non están recibindo ningunha prestación; algúns por non ter cotizado o suficiente para ter dereito a prestación, outros porque xa levan demasiado tempo sen emprego e xa teñen esgotado o tempo regulamentario, outros porque nunca cotizaron... Sexa por unha razón ou por outra, a porcentaxe dos que perciben algunha prestación reduciuse desde o ano 2010.

Parados rexistrados, beneficiarios de prestacións e taxa de cobertura.

	2007	2008	2009	2010	2011	2012
Parados rexistrados. Media anual	150.546	162.512	206.245	226.237	241.323	270.515
Beneficiarios de prestacións.	79.400	94.300	130.300	149.600	146.900	158.600
<b>Taxa de cobertura<sup>1</sup></b>	<b>52,7</b>	<b>58,0</b>	<b>63,2</b>	<b>66,1</b>	<b>60,9</b>	<b>58,6</b>

Fonte: elaboración propia a partir dos datos do SEPE.

O que se coñece como taxa de cobertura (beneficiarios de prestación / parados rexistrados) situouse de media no ano 2012 no 58,6%, quere isto dicir que 58 da cada 100 parados reciben algún tipo de prestación, quedando o 41,4% dos parados sen ningún tipo de ingresos.

Neste caso as porcentaxes poden non ser moi esclarecedoras, xa que no 2008 o 42% de parados sen prestacións correspondía a 68.200 desempregados; no ano 2012, este mesmo 42% supón en termos absolutos 112.000 parados sen ingresos, preto do dobre; O paro medrou exponencialmente, polo que aínda que a porcentaxe se manteña o número de parados sen prestación cada vez é maior.

A taxa de cobertura está baixando desde o ano 2010, ata aquí medrara; evolución lóxica se temos en conta que nos primeiros anos da crise a xente que queda sen emprego pasa, na maioría dos casos, a cobrar a prestación contributiva, a medida que a situación de desempregado se alarga, rematase o período contributivo e pasase ó subsidio, ata que non hai ingresos; esta progresión vese claramente no cadro seguinte.

---

<sup>1</sup> Taxa de cobertura = (parados con prestación / parados SEPE)\*100

Perceptores por tipo de prestación.

	2007	2008	2009	2010	2011	2012
Prestación	47.211	73.936	83.400	76.327	76.644	
Subsidio <sup>2</sup>	31.553	37.125	62.603	65.951	60.351	
RAI <sup>3</sup>	5.223	5.438	6.825	7.347	9.919	
Total	83.987	116.499	152.828	149.625	146.915	158.600

Fonte: elaboración propia a partir dos datos do SEPE.

Na evolución dos perceptores por tipo de prestación, (non temos os datos do ano 2012 desagregados) ata o 2009 medran os perceptores de prestación contributiva, no ano 2010 hai unha forte caída, e a partir de aquí estabilízanse. No caso do subsidio, o forte incremento prodúcese no ano 2009, que tamén se corresponde co momento que se pon en marcha o programa temporal de protección por desemprego e inserción (o coñecido como dos 400 euros), e practicamente estabilízase a partir deste ano, pero cada vez hai máis desempregados.

Entre os que cobran algunha prestación, en decembro de 2012, a diferenza entre percibir unha ou outra é moi acusada.

Parados con prestación e ingresos. Decembro de 2012.

	Número de beneficiarios	Gasto	Ingresos medio por perceptor. En euros
<b>Galicia</b>			
Total	161.782	145.402.000	898,75
Prestación contributiva	85.921	108.137.000	1258,56
Subsidio de desemprego	64.136	32.186.000	501,84
Renda activa de inserción	11.725	5.079.000	433,18

Fonte: elaboración propia a partir dos datos do SEPE.

Preto de 76.000 desempregados ingresaron de media, como máximo, 500 euros mensuais, se a isto lle engadimos os preto de 112.000 que non perciben ningunha prestación do SEPE, temos unha radiografía demoledora dunha parte moi importante dos traballadores galegos.

<sup>2</sup> Desde agosto de 2009 inclúense os beneficiarios do programa temporal de protección por desemprego e inserción.

<sup>3</sup> Renda activa de inserción.

En Galicia, unha vez rematado cos ingresos do SEPE, tan so nos queda o RISGA (Renda de Integración Social), unha prestación destinada a garantir recursos económicos de subsistencia a quen careza deles. A cuantía é variable dependendo de situación persoal de cada caso, pero como regra xeral acada o 75% do IPREM (indicador público da renda de efectos múltipl

Perceptores do RISGA segundo sexo.

	<b>RISGA</b>				
	<b>2008</b>	<b>2009</b>	<b>2010</b>	<b>2011</b>	<b>2012</b>
	<b>Galicia</b>	<b>Galicia</b>	<b>Galicia</b>	<b>Galicia</b>	<b>Galicia</b>
Ambos sexos	4.350	4.798	4.989	5.416	6.427
Homes	1.506	1.732	1.871	2.159	2.725
Mulleres	2.844	3.066	3.118	3.257	3.702

Fonte: IGE.

No lustro de crise que levamos, incrementou o número de perceptores preto do 50%; moito máis no caso dos homes onde o medre foi do 80%, nas mulleres un 30%.

Por provincias a evolución tamén é desigual.

Perceptores da RISGA segundo provincia.

	<b>RISGA</b>					<b>2012/ 2008</b>
	<b>Ambos sexos</b>					
	<b>2008</b>	<b>2009</b>	<b>2010</b>	<b>2011</b>	<b>2012</b>	
<b>Galicia</b>	4.350	4.798	4.989	5.416	6.427	47,7
<b>A Coruña</b>	1.717	1.655	1.529	1.474	2.335	35,9
<b>Lugo</b>	405	492	468	559	589	45,4
<b>Ourense</b>	658	731	779	930	858	30,3
<b>Pontevedra</b>	1.570	1.920	2.213	2.453	2.645	68,4

Fonte: IGE.

A provincia de Pontevedra, a máis prexudicada pola crise, é onde máis medrou o número de perceptores do RISGA, pero con moita diferenza, xa que mentres en Pontevedra o medre foi do 68,4%, de media en Galicia foi do 47,7%.

Pasa a ser esta provincia a de maior número de beneficiarios desta renda.

Aínda que aumentou moito o número de perceptores da RISGA, é moi baixo para o número de desempregados sen ningunha prestación, que hai neste momento.

Vigo, 28 de febreiro de 2013.

ASDO: Natividad López Gromaz  
Gabinete técnico confederal.